

## INTERCAMBIO POÉTICO AODH RUADH Ó DOMHNAILL- XACOBEO: GALICIA- IRLANDA EN RESIDENCIA

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1. OBXECTO:

A presente convocatoria ten por obxecto fixar as bases reguladoras que establecen a Residencia Literaria 1863 e o Centro Tyrone Guthrie de Annaghmakerrig -en colaboración coa Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, Poetry Ireland e mais a Embaixada de Irlanda en España- para impulsar o **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill**. Dita bolsa apoiará unha residencia de creación literaria para poetas galegas/as en Irlanda e para poetas irlandeses/as en Galicia, por un mes de duración (en concreto, setembro de 2024).

#### 2. FINALIDADE:

O **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill** ten como finalidade o estímulo e promoción da creación poética nunhas condicións de excelencia, así como a súa proxección internacional.

Fornecer aos e ás poetas de Galicia e de Irlanda dun espazo, un tempo, un contexto e unhas condicións óptimas para a enteira dedicación ao seu propio proxecto de escrita creativa, dentro dun ámbito internacional, constitúe así mesmo o obxectivo deste programa.

Do mesmo xeito, a bolsa traerá aparellada ao menos un/dous recital/is público/s do beneficiario/a, en Galicia e Irlanda respectivamente, durante o tempo de residencia, así como a publicación dunha plaquette cos seus poemas traducidos ao idioma do país de destino.

Se a persoa becada en Irlanda gozará do contacto con outros artistas internacionais aloxados noutros cuartos deste amplo centro, a que resida na Coruña terá acceso prioritario a museos,

galerías, bibliotecas, concertos, visitas guiadas, encontros literarios, obras de teatro e outros eventos nunha cidade enormemente segura e que conta cunha rica e diversa vida cultural.

### **3. PRAZO DE PRESENTACIÓN E PERÍODO DE SOLICITUDE:**

As solicitudes para concorrer ao **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill** deberán presentarse ata o día das Letras Galegas, 17 de maio de 2024, ás 22:00h.

Unha vez seleccionada e anunciada a persoa á que se conceda esta bolsa de intercambio en residencia, gozará da mesma ao longo do mes de setembro de 2024. Nomearase así mesmo unha persoa candidata en caso de cancelación.

O candidato ou candidata elixida deberá chegar a Galicia/Irlanda ao comezo de dito mes natural e marchar ao remate do mesmo (non se admiten chegadas ou saídas a metade de mes).

### **4. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:**

Poderán concorrer á presente convocatoria individualmente calquera poeta -maior de dezoito anos- nado e/ou residente en Galicia/Irlanda con ao menos un libro de poesía publicado (en galega).

### **S. PATROCINIO:**

Financiada pola Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, Arts Council of Ireland/Eigse Eire, Arts Council of Northern Ireland, Poetry Ireland e a Embaixada de Irlanda en España, este programa de intercambio en residencia ofrece una bolsa de traslado, manutención e aloxamento -ao longo dun mes- para poetas galegas/as no Centro Tyrone Guthrie de

Annaghmakerrig (no campestre contorno de Newbliss, Condado de Monaghan, Irlanda) e para poetas irlandeses/as na Residencia 1863 de A Coruña (Galicia - España).

## 6. PRESENTACIÓN DE PROXECTOS E FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES:

Para solicitar o **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill**, en concorrencia competitiva, cada autor ou autora poderá presentar un único proxecto de escrita poética.

As solicitudes incluirán, anexos, documentos de texto (en .doc, .docx, .odt ou .pdf) que aborden os seguintes apartados:

**(1) Bio-bibliografía** redactada nun máximo de dúas páxinas (incluíndo nome completo, DNI e datos de contacto).

**(2) Memoria de PROXECTO:** Descrición do proxecto literario que se pensa desenvolver durante a residencia en intercambio (Máx. 2 páxinas). Pódese facer mención do fío condutor, tema/s principais, estrutura, forma, trazos de estilo e/ou calquera outro detalle que permita ao comité de valoración facerse unha idea o máis aproximada posible do plan creativo a procurar.

**(3) Dossier literario:** escolma poética capaz de actuar como mostra representativa do traballo literario do ou da solicitante (Máx. 10 páxinas).

**(4) Carta de motivación** para solicitar este **Intercambio poético en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill**, de non máis dunha páxina de extensión (Máx. 1 páxina).

Unha vez preparados todos estes documentos, enviaranse nun único e-mail ao enderezo electrónico: [1863coruna@gmail.com](mailto:1863coruna@gmail.com), sempre antes das 22:00h do día 17 de maio de 2024.

Os mails deberán indicar no 'asunto': "Intercambio poético en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill"

No caso da candidatura non se recibir completa, a participación será desestimada e o/a solicitante descartado/a da convocatoria.

## 7. SELECCIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Os proxectos presentados serán sometidos a un proceso de selección por un Comité de Valoración designado pola Residencia Literaria 1863 e o Centro Tyrone Guthrie de Annaghmakerrig, e do que non necesariamente farán parte os seus respectivos directores. Estará composto por profesionais de recoñecido prestixio nas literaturas galega e irlandesa, quen seleccionarán -de xeito debidamente xustificado- as mellares candidaturas a este intercambio en residencia.

Decidirase, de tal modo, o nome da persoa que traballará en Irlanda en residencia, así como inmediatos/as suplentes en caso de cancelación.

Comités de valoración elixirán o proxecto que consideren merecedor do intercambio en residencia, avaliando:

- calidade artística e viabilidade do proxecto literario.
- excelencia da traxectoria literaria previa.
- idoneidade da carta de motivación.

## 8. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN DO RESULTADO DA CONVOCATORIA

Adxudicado tras o proceso selectivo o **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill**, notificarase á persoa seleccionada -e máis ao/á suplente- durante a segunda metade de xuño de 2024 e no enderezo electrónico facilitado.

Entenderanse desestimadas as solicitudes presentadas que non se acollan ás bases palas que se resolve esta convocatoria. Non se manterá correspondencia cos ou coas solicitantes que queden fóra da selección final.

## 9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

As persoas que, nos anos sucesivos, resulten beneficiarias desta convocatoria terán a obriga de cumprir as seguintes obrigas:

- Comunicar por escrito, no prazo de quince días naturais dende a comunicación da concesión do **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill**, a aceptación do mesmo y das bases que a regulan. De non facelo, enténdese que renuncia á praza, pasando a concederse á persoa suplente seleccionada a tal efecto.
- Destinar o **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill**, e a correspondente estadía no Centro Tyrone Guthrie de Annaghmakerrig/Residencia Literaria 1863, a profundar na súa escrita creativa, seguindo -o máis axustadamente posible- o proxecto descrito na memoria presentada coa solicitude.
- Aceptar e cumprir o acordo que rexerá a correcta utilización das instalacións das Residencias en Irlanda e Galicia, de xeito respectuoso, adecuado e responsable, e estritamente polo período pactado. Non se admitirán cónxuxes, familiares, acompañantes nin tampouco animais de compañía nas residencias, que se entenden destinadas ao concentrado desenvolvemento individual do traballo creativo do escritor ou escritora. Así mesmo, a persoa que viaxe a Galicia deberá ser alguén conscientemente capaz de residir só/soa e con autonomía polo espazo dun mes.
- Presentar unha breve memoria final (máximo 200 palabras) que valore a experiencia aproveitada e o posible impulso ao propio traballo literario, capaz de orientar a futuros/as solicitantes. Haberá de se remitir ao correo electrónico da correspondente Residencia dende cinco días antes a quince días despois do fin da estadía.
- Se, no futuro, o traballo literario desenvolvido durante o intercambio en residencia chegase a ser publicado, deberase facer constar que a creación de dita obra foi impulsada no Centro Tyrone Guthrie de Annaghmakerrig/na Residencia Literaria 1863 co patrocinio da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e grazas ao **Intercambio poético Xacobeo en residencia Aodh Ruadh Ó Domhnaill**.

## **10. FINANCIAMENTO DO INTERCAMBIO EN RESIDENCIA:**

O billete de avión en clase turista desde Galicia ata Dublín/Dublín ata Galicia -destinado ao aproveitamento do intercambio en residencia- terá unha única entrada e saída e non estará a outro nome que ao da persoa beneficiaria.

O candidato ou candidata elixida deberá, antes de viaxar a Irlanda/Galicia, dispoñer dun mínimo seguro médico que cubra: repatriación, gastos de hospitalización e gastos médicos.

A manutención durante o mes de estadía quedará igualmente cuberta, xa sexa por conta do centro de residencia xa a través dun estipendio para gastos básicos.

## **11. OBSERVACIÓNS:**

A concorrencia a este intercambio en residencia suporá a total aceptación destas bases.

Para calquera dúbida concreta, estritamente relacionada con este programa de Intercambio en Residencia, poden dirixirse a [yolandacastano@hotmail.com](mailto:yolandacastano@hotmail.com).